



www.avelinodiaz.gal

**Asociación Cultural
“Avelino Díaz”**



**2017
Día das Letras para Avelino Díaz**

Outono, 2014

A VIDA DE AVELINO (I)



- Naceu no lugar da Travesa, na parroquia da Órrea, o 14 de novembro de 1897.
- Fillo non recoñecido de Manuel María García Castro, “O Xuez” da Órrea.
- No 1907 trasládase coa súa nai á Pena, en Meira, onde vivirá só tres anos.
- En 1910, con só 12 anos, marcha para a Arxentina, reclamado por un parente.
- Decepcionado e sen fortuna, volve a Galicia en 1916, vivindo na Pena.
- En Meira, sen título oficial, exercerá de mestre en varias escolas dos arredores e, entre outros traballos, vai segar a Castela en varias ocasións.
- En 1920, ante as escasas expectativas e temendo ser recrutado para a guerra de Marrocos, viaxa a Cuba e, de aquí, a Chile, para finalmente fixar a súa residencia en Buenos Aires, onde vivirá durante medio século.

A VIDA DE AVELINO (II)



- En 1921, casa con Felisa Iduriaga, de Allo-Estella (Navarra), coa que terá catro fillos: Avelino, Armando, Alfredo e Alberto.
- Vive humildemente sempre, pero sobre todo ata traballar como contable e inspector de control de calidade dunha central leiteira bonaerense, *La Martona*.
- A súa vida social e cultural máis activa comezará a partir da súa implicación persoal na Federación de Sociedades Gallegas, creada por estes anos, e, sobre todo, coa fundación da *Sociedad del Ayuntamiento de Meira* en 1924.
- Alcanzará unha respectable posición literaria porque colabora nos xornais e revistas da colectividade galega, pola súa participación en conferencias e recitais, e pola súa faceta de poeta.
- Politicamente, aparece relacionado co movemento republicano e galeguista.
- Chega a dirixir o *Galicia*, o máis importante periódico da colectividade galega, e outras publicacións de certa relevancia como *Lugo* e *Opinión Gallega*.

A VIDA DE AVELINO (III)







- Co estalido da guerra formará parte dos Comités de Axuda á España Leal e militará na Unión Gallega (1938-46).
- Unha vez rematada, será fiel aos seus ideais progresistas contribuindo de maneira moi destacada aos proxectos do galeguismo no exilio. Ademais de colaborar en varios xurados literarios e musicais do Centro Gallego e do Centro Ourensán, formou parte da Comisión de Cultura do Consello de Galiza creado en 1944, da xunta directiva d'*A Nosa Terra*, refundada en 1942, e foi secretario do I Congreso da Emigración Galega que se celebrou en Buenos Aires en 1956.
- Case cego e afectado nos últimos anos polo alzheimer, morre no sanatorio do Centro Gallego o 29 de marzo de 1971.
- Foi enterrado no panteón do Centro Gallego, preto de Castela, que lle profesaba un especial afecto.
- Felisa, a súa dona, morreu en 1984.
- Ten actualmente cando menos un fillo vivo (Alberto) e uns 9 netos/as.

A OBRA DE AVELINO



- *Debezos*, 1947.
- *Flor de retama*, 1947.
- *Pallaregas*, 1963.
- *11 poemas a Castelao*, 1975.
- Uns 700 poemas inéditos en galego e en castelán, algúns deles desaparecidos.
- Algúns poemas en italiano e en portugués.
- Uns 200 artigos xornalísticos, algúns pendentos de localización.
- 6 pequenas obras de teatro.
- Uns 25 discursos, conferencias e relatorios.
- Correspondencia, prólogos de libros, recensións...

A OBRA DE AVELINO



OBRA SOBRE AVELINO



- Referencias sobre el nas historias da literatura galega.
- Artigos de prensa sobre a súa figura.
- O estudo de Marivel Freire: *Avelino Díaz, unha voz comprometida na Galicia emigrante*, editado polas Brigadas en Defensa do Património Chairego (2002).



- Dedicarlle un Día das Letras permitiría que durante todo un ano a súa obra fose estudada por especialistas, sobre todo a que se encontra inédita ou desaparecida.
- En 2017 cumpriría 120 anos.



2017

Día das Letras para Avelino Díaz

